



ELECCIÓN 2020

Propostas de Greenpeace para as eleccións ao Parlamento de Galicia
(*Da crise ecolóxica á COVID-19. Cómpre unha transformación do sistema*)

Xuño 2020

Fotos Pedro Armestre

Introdución

20 Medidas para 2020 para dar resposta á emerxencia climática e a crise de biodiversidade	6
1 O cambio climático como oportunidade para unha transformación ecolóxica da economía	10
2 A biodiversidade e os seus ecosistemas como pedras angulares do desenvolvemento da nosa sociedade	18
3 O poder transformador da mudanza de modelo de consumo no local	26

A sociedade galega ten enormes retos por diante. A pandemia ocasionada pola COVID-19 é unha chamada á acción e únese aos dous grandes desafíos deste século: **a crise ecolóxica e a crecente desigualdade social**. A ciencia dinos que a vindeira década é decisiva para actuarmos contra a crise climática e os catro vindeiros anos serán cruciais para tecer unha resposta e evitar consecuencias irreversíbeis. A situación esixe que nun tempo récord revertamos os efectos de décadas de excesos. **É tempo de acción política.**

A situación na que nos puxo esta pandemia amosou a fragilidade do ser humano. Cada vez hai máis evidencias científicas que apuntan á estreita relación entre a saúde do planeta e a humana. Esta atroz pandemia tamén nos mostrou o que é verdadeiramente importante, prioritario e urxente: **transformar a economía para poñer no centro as persoas e o planeta.**

Galicia, como o resto do planeta, expónse de xeito perentorio aos efectos implacábeis do quecemento global, que afectará especialmente á poboación máis vulnerábel. Para evitarmos os peores impactos da crise climática e futuras pandemias cómpre reducir rápida e drasticamente as emisións de gases de efecto invernadoiro e respectar os límites físicos do planeta. **As evidencias apuntan a que non podemos dar conta dos esforzos para parar a crise ecolóxica sen mudanzas radicais no noso modelo de sociedade e sen poñer en cuestión o crecemento económico e as estruturas de produción e de propiedade existentes.**

**Ecoloxismo e feminismo son as forzas que nos
abren a outra vida
Manuel Rivas, escritor**

Neste senso, a contribución de Galicia para frear o cambio climático global debe ser moito máis ambiciosa. No período 1990-2018 a comunidade situouse entre as catro que máis gases de efecto invernadoiro emitiron no Estado español.

Os retos que temos por diante necesitan **políticas valentes** que fagan fronte aos intereses económicos dos grandes poderes financeiros e poñan en valor o ben común. Para acadar estes obxectivos sociais e ambientais cómpre salvar o noso medio natural, defender a vida e protexer o dereito das futuras xeracións a herdar un patrimonio natural saudábel. Así o está a pedir a berros a mocidade de toda Europa: o planeta esgótase e hai que actuar axiña e con contundencia. Non temos dereito a roubarlles o futuro.

A pesares da fonda tristeza xerada pola pandemia e a urxencia de actuar, segue habendo esperanza. As crises ecolóxica, social e sanitaria constitúen tamén unha oportunidade para apostarmos por unha economía verde e solidaria. A transición cara a outro modelo produtivo e de consumo é tamén unha oportunidade para a creación de emprego verde e benestar social. Neste documento, presentamos propostas para afrontar os enormes desafíos aos que se enfrenta a sociedade galega e aos que se debe dar resposta de forma inmediata. **A vida tal e como a coñecemos e o noso planeta están en xogo. Chegou o intre de axitar consciencias e desaprender valores trabucados.**

20 MEDIDAS PARA DAR RESPUESTA Á EMERXENCIA CLIMÁTICA E A CRISE DE BIODIVERSIDADE

1. Crear unha **Lei galega de Cambio Climático e Transición Enerxética e Ecolóxica** que contemple unha redución de emisións de cando menos un 55% en 2030, respecto a 1990, e a descarbonización completa para 2040, acadando un sistema eléctrico 100% renovábel en 2030 e un sistema enerxético 100% renovábel, eficiente e intelixente en 2040.
2. **Pechar definitivamente as centrais térmicas de carbón**, renunciando á co-combustión, e planificar o peche a medio prazo doutras instalacións de combustíbeis fósiles. Reducir as emisións no resto de industrias, especialmente electrointensivas e siderurxia.
3. Impulsar un plan autonómico, complementario ao estatal, para que a **transición enerxética 100% renovábel** sexa xusta para tódalas persoas e comarcas.
4. Priorizar e facilitar a **participación de cooperativas e outras formas de organización da cidadanía na xeración e consumo eléctrico renovábel**, o autoconsumo, o almacenamento, o libre intercambio e a xestión da demanda.
5. Incorporar as **tecnoloxías máis eficientes** nos sistemas xestionados pola Xunta de Galicia (iluminación, climatización de edificios públicos e sistemas de abastecemento e depuración de augas). Solarizar e instalar sistemas de autoconsumo en edificios e espazos públicos, compartindo excedentes coa veciñanza. Simplificar a instalación de enerxías renovábeis no eido urbano e desenvolver plans de rehabilitación enerxética.
6. Fomentar a **soberanía alimentaria e a agricultura ecolóxica** até acadar un 30% da superficie agrícola utilizada para 2030 e o 100% para 2050. Establecer unha **moratoria para os novos proxectos de gandería intensiva** e a ampliación dos existentes. Apostar por unha Política Agrícola Común (PAC) xusta e verde e a “dieta de saúde planetaria”.
7. Defender a **pesca artesanal e o uso sustentábel dos recursos pesqueiros** coa mellora da xestión, a loita contra a sobreexplotación de caladoiros, a pesca ilegal e ampliar o número de reservas mariñas. Desenvolver plans de mitigación e adaptación do sector ao cambio climático.
8. Fomentar o **turismo que recoñeza o valor natural, cultural e patrimonial do territorio**, avaliando a capacidade de carga da contorna e priorizando o equilibrio ecolóxico. Garantir a correcta planificación urbanística do litoral e do

medio rural.

9. Asegurar o abastecemento dos servizos ambientais da vexetación e os bosques coa súa correcta xestión, poñendo en marcha campañas de prevención e extinción de lumes todo o ano, así como de sensibilización e educación para capacitar á poboación na prevención e a autoprotección. Establecer unha política de prevención e extinción de **incendios que teña en conta o cambio climático** e potenciar plans de recuperación de zonas incendiadas
10. Asegurar o abastecemento de **bens básicos**, como a auga, mediante a correcta xestión dos recursos hídricos. Perseguir o delito de roubo de auga e das actividades que contaminan a auga. Frear o crecemento da demanda e autorizar transvasamentos só en casos excepcionais e para abastecemento humano. Recuperar as concesións hidroeléctricas caducadas. Asegurar o saneamento integral das rías galegas na vindeira lexislatura.
11. **Modificar o plan forestal** introducindo unha moratoria á plantación de eucalipto, así como a eliminación progresiva da superficie ocupada por estas especies, delimitando e cuantificando claramente a superficie de cultivo. Recuperar os bosques de especies autóctonas e promover a multifuncionalidade do monte.
12. **Ampliar rede de espazos protexidos**, tanto parques naturais como da rede Natura 2000 até acadar cando menos o 30% do territorio protexido para 2030.
13. Cumprir a lexislación para que todos os espazos naturais dispoñan de **Plans Reitores de Uso e Xestión (PRUX)** durante esta lexislatura. Elaborar un Catálogo Galego de Especies Exóticas Invasoras. Actualizar e elaborar, como dita a norma, os plans de conservación e restauración de tódalas especies do Catálogo Galego de Especies Ameazadas.
14. Establecer unha transición ecolóxica da economía para modificar os **hábitos de consumo**, e de mobilidade das persoas. Esixir a durabilidade e reparabilidade dos produtos e prohibir a obsolescencia programada.
15. **Modificar o anteproxecto de Lei de Residuos e Solos Contaminados de Galicia**, para que se abandone o modelo de vertedoiro e incineración. Establecemento dun modelo descentralizado, de proximidade, que priorice a redución, reutilización, reciclaxe e aproveitamento da materia orgánica separada en orixe, implantando compostaxe, SDDR, porta a porta, etc.
16. Implantar un modelo de **transporte limpo, intelixente e socialmente equitativo**, priorizando os modos non motorizados (camiñar e bicicleta) e o transporte colectivo fronte ao automóbil particular e fomentando a electrificación dos modos motorizados e o uso compartido de vehículos. Aprobar unha **Lei galega de mobilidade sustentável** e financiamento do transporte público e

compartido que favoreza a sustentabilidade do transporte.

17. Priorizar a conservación da rede viaria actual fronte á construción de novas autoestradas, liñas de alta velocidade aínda non planificadas e a ampliación ou construción de novos portos ou aeroportos. Implantar servizos ferroviarios de proximidade e rexional cadenciado para atender a demanda de transporte.

18. Poñer en marcha medidas fiscais e de apoio para persoas e negocios que queiran formar parte das transición ecolóxica: autoconsumo, rehabilitación enerxética, construción sustentábel, vehículos eléctricos, sistemas de xestión e agregación da demanda (tanto de transporte como de enerxía eléctrica), alimentación ecolóxica, local e de tempada.

19. Desenvolver unha reforma fiscal verde a nivel autonómico que incentive mudanzas de comportamentos, aplique o principio de 'quen contamina paga', dote de orzamento a transición ecolóxica á vez que promove a loita contra a crise climática e de biodiversidade, con especial inci-

dencia no ámbito rural pola súa importancia na preservación dos servizos ecosistémicos.

20. Garantir por lei o dereito de acceso ás subministracións básicas de auga, calefacción e electricidade as persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade e pobreza enerxética. Establecer a contratación pública ecolóxica e sustentábel como eixo principal dos modelos de consumo e para as licitacións das administracións.



PROPOSTAS DE GREENPEACE

O cambio climático como oportunidade para unha tran

transformación ecolóxica da economía

1 O CAMBIO CLIMÁTICO COMO OPORTUNIDADE PARA UNHA TRANSFORMACIÓN ECOLÓXICA DA ECONOMÍA

Estamos diante dunha situación de emerxencia climática. Frear o quecemento global en 1,5° C, como indica a comunidade científica internacional, é unha necesidade ineludíbel e a vindeira década é decisiva para conseguilo. **O que está en xogo non só é o presente, senón o futuro, e nese sentido é moi importante a actuación de tódolos Gobernos**, que deben poñer a loita contra o cambio climático no centro das súas políticas.

Evitar os peores impactos da mudanza climática require medidas profundas e valentes a tódolos niveis que traerán innumerábeis beneficios para a vida e o planeta. Emporiso, cómpre unha **profunda transformación ecolóxica do sistema produtivo e enerxético que poña as persoas e o planeta no centro**. Asemade, debemos ter presente que as mulleres son as máis afectadas polos impactos da crise climática, á vez que invisibilizadas, sendo tamén axentes de cambio imprescindíbeis para asegurarmos unha transición feminista e ecoloxista, polo que a perspectiva de xénero é esencial para o cambio de rumbo que se necesita.

Galicia é unha comunidade altamente dependente da enerxía fósil, que representa preto do 80% dos seus recursos enerxéticos primarios. Débese reducir a relación de enerxía primaria importada fronte á renovábel de produción propia, abandonando progresiva e rapidamente os combustíbeis fósiles. A aposta por formas democráticas e comunitarias para o desenvolvemento das enerxías renovábeis e a eficiencia enerxética, de servizos de transporte eficientes e intelixentes e de sistemas de xestión de refugallos modernos e sustentábeis, a defensa da calidade do aire e da saúde da cidadanía, o abandono de proxectos desenvolvementistas nocivos para o medio, a agricultura e gandería de calidade, a xestión sustentábel dos recursos naturais e a fiscalidade verde forman parte da solución.

Esta transformación ecolóxica non pode facerse sen dar conta dunha transición xusta, que non deixe atrás ás persoas nas rexións afectadas e ás clases traballadoras e populares. A transición debe reforzarse con políticas sociais e iniciativas colectivas que melloren a calidade de vida das persoas máis aló do PIB. Esta transformación ten que ser unha oportunidade para facer unha sociedade máis igualitaria e cooperativa, que actúe para o mantemento e recuperación dos bens comúns.

Medidas

A) Ambición climática para acadar emisións netas 0 en 2040 e incorporación de tódolos sectores na transición ecolóxica da economía

- Obxectivos de redución de emisións para Galicia de cando menos un 55% en 2030 respecto a 1990 e descarbonización completa para 2040.
- Establecer o marco legal que dote de seguridade xurídica a transición a través dunha Lei Galega de Cambio Climático e Transición Enerxética e Ecolóxica que inclúa o modelo económico no seu conxunto, aliñada coas recomendacións científicas para non superar o incremento de 1,5° C de temperatura media global, que teña en conta tódolos sectores crave á parte do enerxético e transporte, como agricultura, gandería, pesca, residuos, forestal, industria, comercio ou turismo.
- Modificación completa da 'Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050', para garantir que se alcanzan as emisións netas cero de carbono en 2040, establecendo obxectivos de redución de emisións e abandono de tódolos combustíbeis fósiles (carbón, gas, petróleo) moito máis ambiciosos, especialmente no período 2020-2030.
- Modificación do 'Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023' dotándoo de orzamentos na súa totalidade, dando máis peso ao impulso das renovábeis en mans da cidadanía e establecendo liñas de actuación moito máis concretas e efectivas en sectores como o agrogandeiro, o transporte ou o residencial.
- Unha reforma fiscal verde a nivel autonómico que incentive cambios de comportamentos, aplique o principio de quen contamina paga, dote de orzamento a transición ecolóxica promovendo a loita contra a crise climática e de biodiversidade, con especial incidencia no ámbito rural pola súa importancia na preservación dos servizos ecosistémicos:
 - » Explorar entre as competencias da Xunta e a aplicación da Lei de Calidade do Aire para utilizar o Imposto de matriculación, en base ás emisións de cada vehículo, como unha ferramenta de fiscalidade.
 - » Establecer deducións autonómicas no eido do IRPF con criterios ambientais, como a dedución para vivendas construídas ou reformadas con criterios de eficiencia enerxética ou o aproveitamento de enerxía renovábel, cunha orientación favorecedora das comunidades enerxéticas locais.
 - » Impostos sobre a vertedura e incineración de residuos perigosos, non perigosos e da construción.
 - » Imposto sobre o cambio de usos do solo, un dos principais problemas ambientais que ameazan a biodiversidade.
 - » Imposto para o servizo de xestión de refugallos, tendo en conta criterios ambientais na definición das taxas.
- Contemplar a emerxencia climática e a educación ambiental dende unha perspectiva ecosocial nos currículums das vindeiras reformas educativas.

B) Transición acelerada cara a un modelo enerxético 100% renovábel, eficiente, xusto e en mans da xente, que garanta a equidade de xénero

- Acadar un sistema eléctrico 100% renovábel en 2030 e un sistema enerxético 100% renovábel en 2040.
- Fomentar, explicar e priorizar a participación de cooperativas e outras formas de organización da cidadanía enerxética na xeración eléctrica renovábel, o autoconsumo (tanto individual como compartido e de proximidade), o almacenamento de enerxía, o libre intercambio e a xestión da demanda e por fin a calquera iniciativa política, subvención ou incentivo que fomente o uso de enerxías sucias ou perigosas.
- Traballar coordinadamente coa industria para frear o crecemento da demanda enerxética e fomentar o aforro, a eficiencia enerxética e a electrificación para a redución de gases de efecto invernadoiro.
- Garantir e axilizar o peche das centrais térmicas de carbón de Meirama para xuño de 2020 como tarde, segundo dita a normativa europea, e antes de 2022 da central das Pontes como solicitou o seu propietario, renunciando á co-combustión de carbón xunto con outros combustíbeis. A Xunta non debe subvencionar nin apoiar ningunha actividade que supoña alongar a queima de carbón máis aló de 2022. O novo executivo deberá asegurar o peche total destas centrais, asegurando a transición xusta para tódalas persoas afectadas.
- Frear o incremento e renunciar a máis investimentos na produción ou consumo de gas fósil, en coherencia co abandono urxente e progresivo dos combustíbeis fósiles e a potenciación de alternativas baixas en carbono. Débese comezar a definir a medio prazo o peche dos ciclos combinados de Sabón e As Pontes, para dispoñer dun plan de transición que protexa a nivel sociolaboral as comarcas afectadas. Renunciar á legalización da planta de gas de Reganosa en Mugaros (ría de Ferrol).
- Democratizar o sistema enerxético, con medidas efectivas que axuden a acabar co control oligopólico sobre o mesmo. Resulta imprescindible asegurar a independencia total dos órganos reguladores impedindo calquera tipo de “portas xiratorias” modificando a ‘Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno’, así como promover a separación completa das empresas e grupos que realicen actividades enerxéticas reguladas respecto ás liberalizadas.
- Galicia está entre as CCAA cos prezos da enerxía eléctrica máis caros do Estado. Débese garantir o acceso universal e xusto á enerxía limpa mediante programas especiais para persoas en situación de pobreza enerxética. Cómpre abordar de xeito estrutural este problema, apostando por unha mudanza do mercado enerxético e en especial o eléctrico, de xeito que sexa 100% renovábel, eficiente, intelixente, xusto, e inclusivo, e que estea aberto á participación cidadá. Deben primar medidas non conxunturais, como o aforro e eficiencia enerxética e a reforma do parque de vivendas.


- Pór en marcha un plan autonómico complementario ao estatal para que a transición enerxética 100% renovábel sexa xusta para tódalas persoas e comarcas, que inclúa unha análise previa, orzamento, datas e participación que faciliten e aceleren a transición cara a novas actividades produtivas sustentábeis con enfoque de xénero. A transición debe efectuarse con urxencia tanto pola banda da produción coma do consumo e en ningún caso pode verse freada ou condicionada a medidas irrealis ou imposíbeis. O peche ordenado e planificado das instalacións industriais vencelladas aos combustíbeis fósiles (refinaría, regasificadora e centrais térmicas) debe ir acompañado dun plan de transición que protexa a nivel sociolaboral as comarcas afectadas.
- Asumir a fin dos combustíbeis fósiles en liña coas recomendacións científicas para non superar 1,5° C as temperaturas globais inclúe a necesidade de planificar o abandono da actividade do refino da industria do petróleo, que en Galicia está entre os principais focos de emisión de gases con efecto invernadoiro. Isto supón abrir o debate sobre a data de peche da refinaría da Coruña. De igual xeito, os procesos industriais con elevadas emisións para a fabricación do aluminio, aceiro, metal e outros, como ocorre en Alcoa ou a antiga Ferroatlántica, deben incorporar a máxima mitigación das emisións con eficiencia, enerxías renovábeis e reciclado de materiais.
- Apoiar en tódolos niveis administrativos, máis aló da moratoria solicitada por unanimidade no Parlamento de Galicia en 2013, a prohibición da obtención de gas e petróleo de xisto por fractura hidráulica, así como a prohibición aos proxectos de exploración e explotación de hidrocarburos en Galicia, tanto en terra como en mar.
- Creación dun novo marco regulador para o aproveitamento eólico (Plan Eólico) atendendo especialmente aos seguintes parámetros:
 - » Identificar e establecer zonas de aproveitamento preferente de recursos eólicos (mapa de recurso), someténdose a avaliación de impacto ambiental e delimitando as zonas de incompatibilidade co aproveitamento eólico, segundo se estableza nas figuras de protección correspondentes (Espazos Naturais Protexidos, áreas afectadas por Plans e Estratexias de Conservación de Especies, etc.).
 - » Dar solución aos problemas sociais xerados polo emprazamento de novos parques, incentivando especialmente a socialización de beneficios e a participación social.
 - » Incentivar a participación cidadá colectiva na instalación e uso de enerxías renovábeis, como recolle o espírito das Directivas europeas de Enerxías Renovábeis e de Mercado Interior da Electricidade, baixo o nome de comunidades enerxéticas locais. O obxectivo desta medida sería promover, priorizar e facilitar a participación cidadá na súa concepción, financiamento, implantación e/ou xestión de enerxía renovábel, repercutindo especialmente nas rendas do rural.
 - » No caso concreto das Enerxías Renovábeis Mariñas (tecnoloxías cun gran potencial en Galicia), débese estudar, avaliar e comunicar de xeito acaído o posíbel desenvolvemento de eólica mariña fóra de rías (áreas de especial sensibilidade ambiental, económica e social a estas tecnoloxías), así como da enerxía das ondas e correntes.

- Limitar o desenvolvemento da produción de enerxía a partir de biomasa agroforestal aos recursos dispoñíbeis, evitando unha burbulla de proxectos inviábeis por dimensión e criterios ambientais e sociais. De igual xeito, débese evitar a dedicación de terras á produción de cultivos bioenerxéticos, incluída a plantación de árbores. Serán aceptados para uso enerxético ou como residuos forestais aqueles procedentes da xestión forestal preventiva de incendios forestais e a xestión adaptativa dos montes ao cambio climático, incluíndo a redución da carga de combustíbel nos montes e a redución da densidade de pés na masa forestal.
 - Incorporar as tecnoloxías máis eficientes nos sistemas xestionados pola Xunta de Galicia (iluminación pública, climatización de edificios públicos e sistemas de abastecemento e depuración de augas).
 - Desenvolver un plan para solarizar os edificios do Goberno galego e edificios de propiedade pública para que poidan acadar en 2021 a obriga da Directiva de Eficiencia de que tódolos edificios da administración sexan de consumo case nulo.
 - Instalar sistemas de autoconsumo nos edificios e espazos públicos compartindo os excedentes coa veciñanza. Exemplo: autoconsumo fotovoltaico sobre cuberta.
 - Modificar a normativa de urbanismo para simplificar a instalación de enerxías renovábeis no eido urbano, orientadas a facilitar a implantación de sistemas de autoconsumo (tal e como están a facer outras comunidades, ao permitir que só mediante comunicación previa ao concello – eliminando licenza de obras– se poida realizar a instalación da mesma).
 - Revisar e actualizar –coas tecnoloxías máis modernas existentes– o consumo enerxético do sector residencial, fomentando a eficiencia enerxética e o aforro enerxético.
- ### C) Transición da agricultura e gandería industriais cara a un modelo agroalimentario baseado na agroecoloxía e a soberanía alimentaria
- Reducir un 42% as emisións do sector agrícola en 2030 respecto ás súas emisións en 1990, garantindo a redución das emisións de óxido nítrico e metano procedentes da fertilización química e da cabana gandeira.
 - Fomentar a agricultura ecolóxica até acadar un 30% da superficie agrícola utilizada para 2030 e o 100% para 2050. Como primeiro paso, impulsar a conversión á agricultura e gandería ecolóxicas de tódalas explotacións agrarias nunha franxa de polo menos 20 quilómetros ao redor dos espazos protexidos, desde o seu límite externo.
 - Establecer unha moratoria para os novos proxectos de gandería intensiva e a ampliación dos xa existentes. Crear un plan para reducir a cabana gandeira e promover unha transición xusta para as explotacións actuais de gandería intensiva cara a unha gandería sustentábel, extensiva e ecolóxica.

- Frear a forestación de terras agrarias, primando a protección do solo agropecuario, a mobilidade de terras, a ampliación da superficie agraria útil –en Galicia é case a metade da media comunitaria–, facilitando a incorporación das novas xeracións á agroecoloxía e gandería extensiva ecolóxicas, e garantindo ao tempo prezos dignos para as persoas produtoras.
- Identificar as zonas agrícolas máis vulnerábeis ao cambio climático e desenvolver un plan de adaptación e recuperación destas zonas baseado na agroecoloxía.
- Promover a recollida selectiva dos residuos orgánicos e a súa compostaxe para reducir a dependencia de agroquímicos, mellorar a fertilidade do solo e frear os procesos de erosión.
- Apostar por unha Política Agrícola Común (PAC) con ambición climática e de protección da biodiversidade, que permita a transición cara a un modelo 100% agroecolóxico e que deixe de financiar a agricultura e gandería industriais..
- Fomentar os procesos de coexistión do litoral para unha xestión sustentábel da pesca onde se impliquen tódolos actores chave.
- Aplicar e implementar a etiquetaxe aprobada pola Unión Europea para os produtos pesqueiros nas superficies de venda de peixe. Desenvolver as medidas e controis necesarios que garantan a trazabilidade e a etiquetaxe dos produtos pesqueiros.
- A Xunta debe actuar como portavoz dos intereses da frota artesanal e sostíbel, poñendo máis atención nos procesos de implementación da Política Pesqueira Común.
- Apoio decisivo por parte das institucións á pesca artesanal e sostíbel, a través dunha participación activa e fomentando o consumo dos seus produtos, favorecendo mecanismos de comercialización xustos e mercados que poñan en valor o produto. Fomentar o seu consumo e coñecemento interno (ensino, concellos, etc.).

D) Transición cara a un modelo pesqueiro sustentábel

- Defender a pesca artesanal e o uso sustentábel dos recursos pesqueiros apostando pola mellora da xestión dos mesmos e a loita contra a sobreexplotación dos caladoiros e a pesca ilegal.
- Aumentar o número de reservas e mellorar a xestión, vixilancia e investigación nas mesmas, para fomentar a protección da biodiversidade e a recuperación dos stocks pesqueiros. Crear unha rede ampla de reservas mariñas en todo o litoral.

A wide-angle photograph of a busy beach promenade. In the foreground, a paved walkway leads away from the viewer, with several people walking. To the right, a concrete railing with a metal handrail separates the walkway from a crowded beach. The beach is filled with people, colorful umbrellas, and towels. In the background, there are palm trees and buildings under a clear sky. The lighting suggests late afternoon or early morning, with long shadows cast across the pavement.

PROPOSTAS DE GREENPEACE

A biodiversidade e os seus ecossistemas como pedras



angulares do desenvolvimento da nosa sociedade

2 A BIODIVERSIDADE E OS SEUS ECOSISTEMAS COMO PEDRAS ANGULARES DO DESENVOLVEMENTO DA NOSA SOCIEDADE

A conservación e xestión os ecosistemas segue sen ser unha prioridade na política galega, centrada en medidas para fomentar un desenvolvemento económico e un emprego que, en gran medida, están a deteriorar o planeta e todo o territorio, destruindo a nosa biodiversidade e a nosa paisaxe.

Galicia está entre as comunidades autónomas con menor porcentaxe de espazos protexidos do Estado, con ao redor do 12% da superficie. Outro dato salientábel é, por exemplo, que se trata da terceira comunidade autónoma con máis hábitats naturais costeiros desprotexidos. **En máis do 41,1% da zona costeira en Galicia non existe ningunha figura de protección da natureza.** A presión humana concéntrase de xeito moi intensivo no interior das rías, mentres que a costa aberta directamente ao océano mantén unha densidade poboacional máis baixa, salvo casos puntuais onde o turismo concentrouse xunto ás augas máis amábeis das rías.

A premisa de que o benestar dunha sociedade está enfrontado á conservación da natureza é un punto de partida radicalmente erróneo que nos impide gozar de verdadeiros dereitos democráticos como a igualdade no acceso a bens e servizos limpos que non atenten contra a nosa saúde e que non hipotequen o futuro.

Os ecosistemas son a base indispensábel para a vida, deles obtemos todo o que necesitamos, proporcionan bens e servizos ambientais como alimentos, materias primas, procesos regulatorios do clima e servizos culturais, entre outros.

O urbanismo descontrolado, a agricultura e gandería intensivas, os cambios nos usos do solo, a sobreexplotación de recursos, as especies invasoras, a proliferación de infraestruturas, os incendios e as actividades extractivas e industriais supoñen a alteración, fragmentación e destrución de ecosistemas que leva á extinción masiva de especies.

A perda de biodiversidade mundial é entre 100 e 1.000 veces maior do que se considera natural, e no Estado español, entre o 40% e 70% das especies están ameazadas. Mentres, o Catálogo Galego de Especies Ameazadas recolle 75 especies consideradas en perigo de extinción e 126 vulnerables, e dende a súa publicación en 2007 case nada se fixo por coñecer o seu estado. De igual xeito, os obrigados plans de recuperación e conservación brillan pola súa ausencia. Esta alarmante situación agrávase co cambio climático, xa que os ecosistemas son hoxe máis vulnerábeis que nunca. Neste contexto, actividades recreativas, como a caza, sobre unha fauna xa minguada non teñen cabida sen estudos estritos do estado de saúde das especies obxecto.

A falta de financiamento e investimento é causa común dos principais problemas territoriais e a solución debe incluír tamén a **dinamización do mundo rural**, que atesoura unha cantidade de riqueza cultural, natural e de biodiversidade que cómpre preservar, protexer e dignificar. Desde 1980 a poboación galega que vivía no rural (catro quintas partes do territorio) pasou do 80% ao 25%, concentrando as cidades galegas ata o 40% da poboación, causando un grave problema demográfico, social, económico e ambiental. A isto hai que engadir a falta de xestión forestal, que especialmente desde as repoboacións da década de 1950 modificaron a paisaxe e o uso do chan facéndoo moito máis vulnerábel, especialmente aos lumes, e contribuíndo ao seu abandono. Non hai que esquecer que **Galicia é, con diferenza, a comunidade autónoma con maior número de incendios –e grandes incendios– forestais do Estado.**

A auga, as rías e os humidais son un valor estratéxico a protexer. A xestión dos montes e bosques é primordial pois o risco de danos por incendios elévase debido á agresividade dos grandes incendios forestais e na costa débese fomentar un **turismo como produto e non como recurso.**

É urxente elevar a consideración política da protección do medio ambiente e a súa biodiversidade, recoñecendo o seu valor como vector da transición ecolóxica da economía galega e dotándoa de recursos.

Medidas

A) Aplicación e cumprimento das leis, e modificación doutras, para a protección efectiva do medio ambiente

- Cumprimento da normativa europea en materia ambiental (Directiva Marco da auga, Directiva Hábitat, Directiva Aves, Directiva sobre o tratamento de augas residuais, Directiva de Nitratos e Directiva de Uso Sostíbel de Produtos Fitosanitarios), así como contribuír á redución das emisións de amoníaco orixinadas pola gandería industrial.
- Cumprimento das sentenzas dos tribunais e da Lei de Costas para desmantelar as construcións ilegais da costa e a restauración da contorna, como son os casos de Ence na ría de Pontevedra, o Talaso de Oia e os chalés de Raeiros no Grove, entre outros moitos.
- Corrixir e derrogar no seu caso os aspectos que axilizan e simplifícan a normativa ambiental na implantación de proxectos empresariais, tanto na 'Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia', como no 'anteprojecto de Lei de protección e avaliación ambiental de plans, programas e proxectos' que está en trámite parlamentario. Atender as alegacións das organizacións ecoloxistas en tódolos procesos administrativos, así como alongar os prazos de participación pública.

B) Políticas medioambientais que combinen a protección dos ecosistemas mellor conservados e a dinamización das áreas ligadas a actividades humanas tradicionais e sostíbeis

- Planificación integral territorial a escala ecosistémica supramunicipal que oriente a planificación política cara aos ecosistemas e posibilite a coordinación en caso de ecosistemas que ocupen varias administracións e que conte cunha planificación participativa para suscitar o consenso de tódolos actores.
- Recoñecer o valor ecosistémico das áreas situadas fóra dos espazos naturais protexidos e elaborar instrumentos de xestión para o mantemento dos bens e servizos ambientais que estas proporcionan á sociedade. Así como ampliar as áreas protexidas do litoral, especialmente as terrestres, para asegurar unha correcta xestión e previr futuros desenvolvementos urbanísticos en contornas de gran valor.
- Promover o desenvolvemento de corredores ecolóxicos para mellorar a xestión de hábitats e especies en escalas aptas para a súa conservación. Permitindo a coordinación entre administracións competentes, fomentando a participación intersectorial e a transparencia
- Potenciar as actividades tradicionais e sostíbeis, como a agricultura e gandería familiar de base agroecolóxica, outros aproveitamentos forestais non madeiros e actividades costeiras sustentábeis. Poñer en valor e promover a diferenciación de produtos vencellados á protección da natureza e ás redes de distribución de produtos de proximidade.
- Elaborar plans de recuperación natural e diversificación económica en zonas con alta densidade e dependencia de explotacións gandeiras intensivas, resolvendo ademais graves casos de contaminación de aire, terra e augas debido á inxente produción de excrementos e o deficiente e en ocasións nulo tratamento de refugallos procedentes destas explotacións, como ocorre nas comarcas da Limia e do Deza.
- O repunte das actividades extractivas mineiras, maiormente en mans de grandes corporacións internacionais, non é admisíbel existindo debilidade institucional e relaxación das salvagardas ambientais, pois poñen en risco a saúde humana e a dos ecosistemas. Débense extremar as precaucións e reforzar os mecanismos de avaliación de impacto ambiental, especialmente no control das afeccións e contaminación de augas superficiais e subterráneas, evitando especialmente a megaminería polo seu alto poder contaminante.

- Planificación do turismo, tanto costeiro como de interior, que recoñeza o valor natural, cultural e patrimonial do territorio, avaliando a capacidade de carga da contorna, para que non supoña un elemento destrutor senón un elemento para a transición ecolóxica.
- Garantir unha correcta planificación urbanística do litoral e do medio rural condicionada nuns casos pola masificación, outros pola dispersión e polo risco de asolagamentos e incendios forestais. Galicia suma un total de 1057 km de áreas costeiras e fluviais asolagábeis.
- Modificar o plan forestal galego introducindo unha moratoria á plantación de eucalipto, incluídas as de *Eucalyptus nitens*, así como a eliminación progresiva da superficie ocupada por estas especies en espazos naturais protexidos, o dominio público hidráulico e outros espazos sensíbeis, delimitando e cuantificando claramente as superficies de cultivo.
- Introducción de medidas fiscais favorábeis para os propietarios forestais de bosques autóctonos, mesmo se estes son non produtivos, para garantir os bens e servizos que os bosques ofertan, así como a xeración de emprego no medio rural.
- Protexer e reforzar os montes veciñais en man común como figuras claves na conservación da biodiversidade, promovendo a multifuncionalidade do monte con partidas orzamentarias específicas.
- Excluir as masas de eucalipto e doutras especies exóticas invasoras do decreto 163/2014 para a compensación e absorción de carbono a través de masas forestais.
- Incrementar os controis ao sector importador de produtos forestais para evitar a entrada de madeira de orixe ilegal, mediante o pleno cumprimento das obrigas emanadas do Real Decreto 1088/2015, do 4 de decembro, para asegurar a legalidade da comercialización de madeira e produtos da madeira, a Lei de Montes de Galicia e o Decreto 50/2014 de regulamentación de aproveitamentos.

C) Asegurar o abastecemento dos bens e servizos ambientais que proporcionan os ecosistemas á sociedade e o mantemento da biodiversidade

- Ampliar a exigua rede galega de espazos protexidos, tanto os parques naturais como en especial a rede Natura 2000 (modificar o plan director), que en Galicia está por baixo do 12% da superficie, menos da metade da media estatal, prestando especial atención á incorporación de turbeiras e brañas como reclamou a Unión Europea. Impulsar a creación de máis reservas mariñas. En concordancia coas demandas científicas e no marco do Convenio da Diversidade Biolóxica o 30% do territorio galego debería estar protexido para 2030.

- Cumprir a lexislación para que todos os espazos naturais dispoñan de Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) durante esta lexislatura, con orzamentos acaídos. Mellorar a xestión en tódolos espazos naturais protexidos creando xuntas reitoras dos parques participativas realmente e non só consultivas.
- Prestar especial atención á restauración e conservación de humidaís, como nos casos das lagoas litorais, as marismas e xunqueiras, brañas e turbeiras, chairas da Limia e da Terra Chá, así como os bosques de ribeira en todo o país, especialmente aqueles de gran valor como o das Gándaras de Budiño.
- Abordar un plan integral para o control e restauración ambiental de balsas e vertedoiros procedentes de explotacións mineiras, desde o Monte Neme a Touro e as louseiras do Courel e doutras industrias, como a balsa de lodos vermellos de Alcoa.
- Actualizar e elaborar durante a próxima lexislatura, como dita a norma, os plans de conservación e restauración de tódalas especies do Catálogo Galego de Especies Ameazadas, pois en 13 anos de existencia do catálogo só se fixeron catro dun total de 201 especies. Protección real das especies crave dos ecosistemas.
- Realizar un inventario de masas de frondosas autóctonas e desenvolver unha política tendente á súa conservación e ampliación.
- Elaborar un Catálogo Galego de Especies Exóticas Invasoras e solicitar, como indica a ciencia e en liña coa Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, a inclusión do eucalipto no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras. Aumentar o orzamento para combater outros casos de especial afección en Galicia, como a acacia negra (*Acacia melanoxylon*) e mimosa (*A. dealbata*), cana común (*Arundo donax*), *Fallopia japonica*, árbore do ceo (*Ailanthus altissima*), carrizo da pampa (*Cortaderia selloana*), *Crocasmia* (*Crocasmia x crocosmiiflora*), alga xaponesa (*Sargassum muticum*), visón americano (*Neovison vison*), sapoconcho americano (*Trachemys scripta*), vespa asiática (*Vespa velutina*), etc.
- Protección real e efectiva dos polinizadores, mediante a adopción de políticas enfocadas á súa xestión, a prohibición total do uso dos praguicidas identificados como perigosos para as abellas e unha redución do uso de praguicidas nun 50% para 2023, que permita revertir a actual perda de biodiversidade. Prohibición do uso do glifosato en xardinería urbana e de conservación e presentar un plan de transición para a súa total eliminación na agricultura.
- Asegurar o abastecemento de bens básicos, como a auga, mediante a correcta xestión dos recursos hídricos, que inclúa a persecución do delito de roubo de auga e das actividades que contaminan a auga; frear o crecemento da demanda (regas, industrial ou urbana); autorizar transvasamentos só en casos excepcionais e para abastecemento humano, e freo total á construción de novos encoros. Recuperación das concesións hidroeléctricas caducadas.

- Lograr o saneamento integral das rías galegas na vindeira lexislatura. Actualmente, tan só o 42% da 119 EDAR analizadas por Augas de Galicia teñen un bo funcionamento.
- Prohibición dos cultivos transxénicos comerciais, e experimentais ao aire libre, ao amparo da nova lexislación europea sobre cultivos transxénicos.
- Establecer un plan de ordenamento urbanístico no monte que teña en conta o risco de incendio forestal para asumilo e previlo.
- Para rematar/limitar/previr os incendios intencionados é fundamental unha boa xestión das queimas, sempre controladas e autorizadas, respectar as tempadas de prohibición, alternativas ao uso do lume, así como previr ao máximo adoptando as recomendacións e prohibicións oportunas.

D) Mellorar a xestión forestal e do territorio para a protección efectiva contra o grave problema dos incendios forestais

- Cumprimento da Lei de Montes no relativo aos plans de prevención ou defensa en zonas de alto risco de lume forestal, así como da directriz básica de protección civil en emerxencias por incendios forestais que obriga a plans de emerxencia e autoprotección.
- Asegurar o abastecemento dos servizos ambientais que proporcionan a vexetación e os bosques mediante a súa correcta xestión, que inclúa campañas de prevención e extinción de incendios durante todo o ano, non só en época estival; campañas de sensibilización e educación para capacitar á poboación na prevención de incendios e na autoprotección, así como a realización de plans de recuperación das zonas incendiadas.
- Establecer unha política de prevención e extinción de incendios forestais que teña en conta a variábel do cambio climático. É dicir, campañas de extinción de incendios evitando decisións de última hora promovidas por unha meteoroloxía impredecíbel.
- É fundamental incrementar a percepción do risco perante os incendios (e outros impactos) para xerar comunidades activas e para iso cómpren campañas de concienciación lideradas polas administracións. Emprender campañas de concienciación no medio rural para entender que unha práctica tradicional ten que ter un tratamento distinto nun medio que evolucionou a unha paisaxe altamente inflamábel.
- Priorizar partidas orzamentarias destinadas a recursos para a xestión forestal que reduza a cantidade de combustíbel (continuidade e distribución), para xerar paisaxes resilientes a incendios de alta intensidade.



PROPOSTAS DE GREENPEACE

O poder transformador da mudanza de modelo de consumo



mo no local



O PODER TRANSFORMADOR DA MUDANZA DE MODELO DE CONSUMO NO LOCAL

As persoas e unha mudanza no consumo farán do planeta un mellor lugar para vivir. Segundo o Worldwatch Institute, o actual desenvolvemento económico e político está caracterizado de forma maioritaria polo consumismo. Un consumo desmedido e compulsivo de bens que está, asemade, intensamente ligado á degradación ambiental e da calidade de vida.

No Estado español, os actuais patróns de consumo mostran que **necesitamos case 3,5 veces o noso territorio para satisfacer os recursos naturais que demandamos.** Ao tempo, tanto en pegada ecolóxica como en pegada hídrica, consumo de enerxía primaria, consumo de materiais, xeración de refugallo e densidade de poboación, Galicia sitúase moi por riba da media mundial e da propia biocapacidade do seu territorio. A cultura de usar e desbotar está a afogar o planeta. A todo isto únese o fracaso do sistema de xestión de residuos no noso país: empresas que saen beneficiadas mentres a cidadanía paga o sobrecusto e é vítima do grave problema de contaminación xerado por este mal tratamento dos residuos.

As cidades son espazos cun gran potencial para favorecer a transición ecolóxica, social e participativa da economía e emprender políticas alternativas que actúen como pancas de cambio social e ambiental. Espazos onde as mudanzas na produción e no consumo impactan positiva e negativamente sobre o cambio climático, a biodiversidade e o acrecentamento das desigualdades sociais. No entanto, fronte a un xeito de facer política nas cidades marcada polo malgasto, a corrupción e o endebedamento, **necesítase unha forma de facer política local onde as necesidades das persoas e do planeta estean primeiro.** Un modelo baseado na sustentabilidade, en satisfacer as necesidades básicas de tódalas persoas (aire limpo, auga dabondo e sen contaminar, enerxía renovábel, alimentos saudábeis, dereito a un fogar e a descansar con tranquilidade...) e en rematar coas desigualdades.

Os gobernos autonómicos deben dar conta de políticas que transforman o que comemos, como nos movemos, o que producimos, os residuos que xeramos ou a enerxía que empregamos, en actividades en harmonía co planeta. En definitiva, que as políticas autonómicas reduzan o noso impacto negativo sobre o planeta, á vez que converten as nosas cidades e pobos en lugares máis saudábeis para vivir.

Medidas

A) Favorecer dende o local modelos de produción e consumo sostíbeis.

- Establecer unha transición ecolóxica da economía desde as administracións locais pola súa proximidade coas persoas, que axude a modificar os hábitos de consumo, de alimentación, de transporte, de reutilización de materiais e de consumo da enerxía; esixir a durabilidade e reparabilidade dos produtos, prohibir a obsolescencia programada e fomentar a aplicación de taxas por xeración de residuos á cidadanía.
- Modificar o anteproxecto de Lei de Residuos e Solos Contaminados de Galicia, pendente de aprobación no Parlamento, así como a Estratexia Galega de Economía Circular 2019-2030, no terreo da xestión de residuos baixo os seguintes parámetros:
 - » Fomentar políticas de “Residuo Cero” encamiñadas a diminuír drasticamente as emisións, apostando pola redución, reutilización, reciclaxe e compostaxe, e refugar definitivamente as que contribúan de forma neta ao cambio climático (incineración e entulleiras).
 - » Reformular de vez o sistema de reciclaxe actual, implantando a recolleita selectiva con métodos como o SDDR (Sistema de Depósito, Devolución e Retorno de envases) e a recolleita Porta a Porta, que permitan recuperar altas taxas de materiais de calidade. Empezar medidas contra as empresas de reciclaxe que exportan residuos plásticos a operadores sen licenza en países de ingresos baixos ou medios. Potenciar a recuperación material e a reciclaxe, xa que son unha fonte indiscutíbel de emprego verde. Establecer normativas que dean prioridade á eliminación e redución dos envases e o uso de plásticos dun só uso.
 - » Aplicación dunha taxa por xeración de residuos. A aplicación dunha taxa por xeración, ou o pago por xeración (PXX ou pay-as-you-throw, PAYT en inglés) fai referencia a un sistema de xestión de refugallo que permite que cidades e concellos poidan atribuír a cada usuario un custo baseado na cantidade de residuos que xerou. Ademais de que este sistema sexa máis xusto, xa que quen xera máis residuos paga máis e quen xera menos residuos paga menos, xera un incentivo entre a cidadanía que mellora os niveis de redución e reciclaxe.
 - » Desbotar definitivamente calquera proxecto de construción de novas incineradoras de residuos.
 - » Pechar a incineradora de Sogama en Cerceda establecendo un sistema de xestión de residuos descentralizado e de proximidade.
 - » Establecer a prohibición da queima de residuos en cimenteiras.

O poder transformador da mudanza de modelo de consumo no local

- » Implantar a prohibición de almacenar residuos en antigas canteiras. Resolver as problemáticas derivadas do fracaso do modelo Sogama, como a planta de tecnosolos e vertedoiro de Miramontes (Santiago) ou os vertedoiros de Casalonga (Teo) e Areosa (Cerceda).
- » Apostar pola recolleita da fracción orgánica e a compostaxe comunitaria e caseira.
- » Fomentar a reparabilidade e reutilización de bens de consumo.
- » Garantir unha redución do desperdicio alimentario de polo menos o 50% para 2024, en tódolos elos da cadea alimentaria, pero en particular na produción.
- Fomentar a agricultura ecolóxica e a soberanía alimentaria. Adoptar e fomentar a “dieta de saúde planetaria” (dieta na que predominan os alimentos de orixe vexetal e na que opcionalmente e de xeito modesto pódense incluír alimentos de orixe animal) en tódolos comedores colectivos, comida a domicilio, así como en actos e eventos da administración.
- Fomentar e priorizar a participación activa da cidadanía no sector enerxético para que a sociedade poida ter un papel activo no sistema enerxético tal como dita o novo paquete de medidas de Enerxía Limpa para tódolos europeos e as directivas recentes asociadas. Máis aló de impulsar o autoconsumo (individual ou colectivo), por exemplo permitindo que as comunidades locais e a cidadanía se involucren non só na propiedade das instalacións renovábeis e de almacenamento, senón tamén no seu financiamento e operación, tal como acontece en países máis avanzados en materia de participación cidadá e flexibilidade da demanda.
- Poñer en marcha medidas fiscais e de apoio para persoas e negocios que queiran formar parte das transición ecolóxica: autoconsumo, rehabilitación enerxética, construción sostíbel, vehículos eléctricos, sistemas de xestión e agregación da demanda (tanto de transporte de persoas e mercadorías como de enerxía eléctrica), alimentación ecolóxica, local e de tempada.

B) Modelo de transporte limpo e socialmente equitativo

- Garantir a calidade do aire implantando políticas para a redución do tráfico rodado, principal fonte de contaminación do aire nas cidades, até cumprir tanto os límites legais fixados pola Unión Europea como os recomendados pola Organización Mundial da Saúde.

- Implantar un modelo de transporte limpo, intelixente e socialmente equitativo, priorizando os modos non motorizados (camiñar e bicicleta) e o transporte colectivo fronte ao automóbil particular, e fomentando ao tempo a electrificación dos modos motorizados e o uso compartido de vehículos.
- Aprobar unha Lei galega de mobilidade sostíbel que favoreza a sustentabilidade do transporte, promovendo a redución do uso do automóbil e dos voos peninsulares en favor dunha rede de camiños de ferro baixa en emisións. Garantía de acceso aos recursos básicos para tódalas persoas e as contratacións públicas ecolóxicas e sustentábeis. Implantación dun sistema tarifario integrado para toda Galicia que facilite a intermodalidade para tódalas persoas viaxeiras.
- Limitar progresivamente a circulación de vehículos con motor de combustión interna, empezando polos diésel máis contaminantes, co obxectivo dun parque automobilístico cero emisións antes de 2040. Establecer un plan para a renovación das frotas de vehículos cara a outros de tipo eléctrico.
- Regular e reducir as prazas de aparcamento de tódolos edificios pertencentes ás distintas administracións, disuadindo así do acceso en automóbil.
- Establecer a reserva de aparcamento preferente para vehículos eléctricos con alta ocupación (máis de dúas persoas), aparcadoiros non preferentes para vehículos eléctricos individuais e facilitando puntos de recarga nos devanditos aparcadoiros.
- Establecer incentivos para que as persoas traballadoras accedan aos postos de traballo empregando o transporte público e os modos non motorizados.
- Planificar e implantar unha rede de puntos de recarga para vehículos eléctricos en todo o territorio, fomentando a implantación de puntos de recarga eléctrica no sector privado.
- Incluír nos plans de mobilidade e transporte indicadores de contaminación atmosférica e emisións de gases de efecto invernadoiro, así como obxectivos de redución dos mesmos e medidas específicas para cumprilos.
- De acordo cos tratados internacionais asinados, no ano 2050 a totalidade dos vehículos de motor que circulen polas estradas de Galicia deben estar libres de emisións contaminantes directas. Isto sen menoscabo das limitacións que cómpre establecer á circulación de vehículos susceptibles de producir emisións que superen os valores límite de calidade do aire fixados, no marco da lexislación estatal sobre calidade do aire e protección da atmosfera.

O poder transformador da mudanza de modelo de consumo no local

- Priorizar a conservación da rede actual fronte á construción de novas autoestradas, novas liñas de alta velocidade aínda non planificadas e a ampliación ou construción de novos portos ou aeroportos. Os investimentos deben ir dedicados a manter e mellorar o xa existente, facendo investimentos puntuais ("cirúrxicos") para corrixir aqueles puntos que presentan eivas.
- Implantar servizos de proximidade nos núcleos da Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra para atender a demanda de transporte metropolitano.
- Establecer unha rede rexional con horarios cadenciados (cada 1, 2, 4 horas...) que asegure unha acaída cobertura ás numerosas liñas rexionais de Galicia, con nodos en Monforte, Vigo, Santiago, Ourense e A Coruña, que garanta poder facer ida e volta no mesmo día para calquera combinación.
- Electrificar aqueles camiños de ferro que aínda carecen de tracción eléctrica.
- Priorizar o acceso ferroviario aos portos para aumentar a cota de transporte ferroviario de mercadorías.
- Establecer unha limitación para a chegada de cruceiros turísticos e instalar acometidas eléctricas de alta voltaxe para obrigar ao apagado de motores durante a atracada.
- Establecer medidas que penalicen aos barcos e buques máis ineficientes e que máis emisións contaminantes xeran. De igual xeito prestar especial atención e resolver os recorrentes episodios de contaminación asociados ao elevado uso marítimo de augas interiores e Portos de Galicia, así como aos tamén recorrentes 'sentinazos' na costa galega.

C) Garantía de acceso os recursos básicos para tódalas persoas e contratacións públicas ecolóxicas e sustentábeis

- Garantir por lei o dereito de acceso ás subministracións básicas de auga, calefacción e electricidade renovábel ás persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade.
- Establecer a contratación pública ecolóxica e sustentábel como eixo principal dos modelos de consumo e para as licitacións das administracións.
- Inclusión de criterios nos pregos de contratación pública de alimentos que favorezan os provedores que respecten os principios dunha alimentación respectuosa co clima e a biodiversidade: produtos ecolóxicos, locais, de tempada, redución da proteína animal en favor da vexetal e medidas que eviten o reboutallo alimentario.
- Aplicar medidas contra a pobreza enerxética: formación en eficiencia enerxética e facturas a traballadores sociais e familias, difusión e tramitación do bono social, investimentos en melloras de illamentos, dotar de sistemas de autoconsumo ou de electricidade renovábel xerada nos edificios públicos en réxime de "autoconsumo de proximidade".

- Reverter tódolos procesos de privatización na xestión municipal da auga volvendo a un modelo de xestión pública.
- Establecer criterios nos pregos de contratación que beneficien ás empresas con frotas menos contaminantes.

Somos unha organización ecoloxista e pacifista. Non aceptamos doazóns de gobernos, partidos políticos nin empresas porque somos independentes política e economicamente.

GREENPEACE

www.greenpeace.es